

Manuel Caamaño: retallos dunha vida

Arquitecto técnico, galeguista no exterior e no país, activista cultural, político, escritor. Impulsor de asociacións, editoriais, revistas, bibliotecas e museos. Defensor do idioma e da participación cidadá na vida social. Un noiés cosmopolita que tamén se sentiu parte dos lugares onde viviu. Son moitas as formas de definir Manuel Caamaño e moitas as facetas que destacar dunha vida chea de avatares. Nesta conversa, aos seus 87 anos, abrollan moitos dos retallos que formaron unha vida dedicada á Galiza e á defensa do dereito a sermos galegos e galegas.

Ricardo Suárez

20 de outubro de 2023

<https://www.nosdiario.gal/articulo/entrevistas/manuel-caamano-retallos-dunha-vida/20231020190536180320.html>

Manuel Caamaño atende *Sermos Galiza* nun local hostaleiro de Portosín, no municipio de Porto do Son. Cando chegamos atópase revisando un extenso cartafol cheo de recortes de xornais e fotografías históricas que repasan os seus 87 anos de vida. De forma humilde, mais sen poder ocultar o orgullo por unha traxectoria chea de actividade de todo tipo, fai unha viaxe a través dos papeis polas súas etapas en Catalunya e na Galiza, antes de comezar unha longa conversa.

—Como naceu a súa inqedanza pola arquitectura tradicional?

É curioso o meu caso, eu son aparellador titulado, e tiven a sorte de comezar a traballar nunha grande empresa, que daquela se chamaba Agroman, nada máis acabar a carreira. Despois puiden mudarme á Coruña cando empecei en Dragados, o que me deu a posibilidade traballar en obras moi importantes. Mais con respecto á arquitectura tradicional, un bo día un profesor da Escola de Arquitectura Técnica da Coruña veu facerme a proposta de encargarme dunha disciplina solicitada polo propio alumnado, chamada Construción Rural Galega, da que me fixen cargo.

Pensaron en min, nun tema que nunca tiña atendido, supoño que porque tiña un certo renome no ámbito cultural. Mais inicieino con entusiasmo, recorrendo a xente que tiña traballado neste tópico, e alí botei un cuarto de século no que dirixín ao redor de 200 traballos de fin de carreira sobre temáticas de arquitectura popular, resultando algúns deles na publicación de libros.

Estes anos, xunto coas viaxes que fixen por todo o país coa miña muller, resultaron nunha aprendizaxe que está trasladada nun libro moi ben acollido, *As construcións da arquitectura*

popular. Patrimonio etnográfico de Galicia, que se pon de exemplo en moitos aspectos e do que xa se teñen feito diversas edicións.

—O termo feísmo xera moita controversia na sociedade galega, que opina un experto en arquitectura tradicional como vostede sobre esta palabra?

Feísmo é unha palabra que pode expresar moitas cousas. Na Galiza as construcións populares, por razóns sociais, da emigración, da vellez ou da despoboamento, foron moitas veces quedando no abandono, e ao poñelas novamente en uso tápanse os buratos dalgunha maneira, nalgúns casos sen moito coidado, mais feísmo é unha palabra empregada en exceso. Os paisanos saben construír e teñen unha estética moi especial que non temos os urbanos, e como pode non gustarnos, esa palabra ten unha vixencia cada vez maior, cando é exaxerada.

Non son partidario do termo feísmo, senón da modificación das construcións en moitos aspectos cando chegan a deteriorarse ou a perder o uso para o que foron feitas. Hai moitas construcións auxiliares que hoxe non se empregan co fin para o que foron feitas, mais que si se usan doutra maneira, e iso pode xerar que adquiren un certo carácter de feísmo, cousa que é moi relativa.

A arquitectura popular ten un selo propio, o que lle dá o paisano de acordo ás súas necesidades, as que lle preocupan ao facer a construción da que se trate, pode que a inclusión de novos materiais e de novas técnicas deturpe unha contorna que antes parecía harmónica, iso aconteceu sempre así, non só na Galiza, senón en todos os lugares do mundo. Hai construcións adaptadas ás novas exixencias e con novos ingredientes construtivos, mais hainas acertadas e hainas desacertadas, como aconteceu sempre ao longo da historia.

—Vostede é actualmente membro da Fundación Pedrón de Ouro.

Nestes momentos o Pedrón leva dous ou tres anos de parada e non sei cando se retomará o seu labor, que era apreciado e valorado, cun galardón que facía sentir orgullo aos premiados. E tamén o Pedrón de Honra, que se lle ten entregado a persoas do estranxeiro como Abel Bouhier ou Dorothe Schubarth, recoñecendo as achegas ao país.

—Está moi vencellado á actividade do Museo do Pobo Galego.

Si. Son patrón e fun en tempos secretario, son un colaborador constante do Museo. Desexamos que teña existencia in saecula saeculorum [para sempre], e non temos motivos para pensar que non sexa así, mais tamén se desenvolve en función da xente, se non acoden as persoas e non hai achegas económicas das institucións os museos deste tipo chegan a esmorecer e acaban morrendo. Non é este o caso, mais hai que estar sempre moi pendentes de adquirir axudas económicas, técnicas ou do tipo que sexan, o que se vai logrando.

—Foi membro fundador da Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (Adega). Que lembranzas lle deixa?

Marabillosas. Que houberamos creado aquilo un conxunto de xentes moi variadas coma min, moito máis novo, ou Domingo Quiroga [primeiro presidente], que xa era maior, e que continuará e que pasará a outras mans facendo o mesmo labor, eu considero que é algo positivo, aínda de máis mérito neste país onde as cousas teñen unha duración moi curta... Xa vai case medio século [ri].

—Vostede sabe o que é ser galego fóra do país. Contribuíu no asociacionismo en Catalunya.

Había un Centro Galego en Barcelona, e despois creáronse outros centros ao uso. Aquel Centro Galego atraía xente de todos os tipos, tanto as máis estudadas como os traballadores da Seat, que eran os maiores asiduos. Había conferencias e unha biblioteca que Basilio Losada [catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Barcelona] acabou potenciando unha vez que outros iniciáramos esa actividade, mais tamén había os bailes domingueiros, que daban moita vida e facían que aos paisanos non perdesen o sentimento de país, ao contrario, que se lles acrecentase.

En Catalunya foi onde me sentín máis galego, onde o sentimento galego que levaba dentro chegou a saír fóra de min.

No país nunca tratara de ter ese coñecemento da miña terra, tanto nos sitios nos que estudei, como na propia casa, en Noia, que é onde nacín eu. Vivíamos baixo o réxime que vivíamos e non había manifestacións que motivasen que un se fixara no país nin sentise preocupación por el. En Barcelona si aconteceu, había grupos que espertaban o nacionalismo galego, un coñecemento e unha entrega ao país que aquí non se prodigaba. Así cheguei a ter relación con Ramón Piñeiro [filósofo, ensaísta e político galego], do que conservo unhas 70 cartas nas que hai un trazado extenso sobre unha chea de cuestións de diversa índole.

—Volve á Galiza, e co tempo preside O Facho, na Coruña.

Conectei con xente do Facho e púxenme a traballar na organización como calquera. Houbo un momento, non sei se porque viron que eu tiña condicións ou porque pensaron que podía facer un labor positivo, no que me propuxeron de presidente, e tiveron de contrincante ao secretario de Comisións Obreiras, Xosé María Castro. Gañei a confrontación, e a partir de aí o traballo foi intenso e recoñecido.

Tivemos un acerto grande en conectar cos medios de comunicación. Incluso conseguimos unha emisión quincenal en Radio Nacional, que durou como seis anos ou sete. Abríronse portas na Coruña, como a Cámara de Comercio, que nunca tivera alí palabras en galego. Tamén do Colexio de Avogados, onde recordo que organizamos un ciclo que se titulaba A Galicia rural na encrucillada, que abarrotou o salón de actos, e o curioso era que os directivos do Colexio disputábanse a presentación dos relatores, ben é certo que os conferenciantes da serie, que despois se publicou nun libro editado por Galaxia, eran da altura de Camilo Nogueira [político, enxeñeiro e economista], Avelino Pousa [mestre, agrarista, político e escritor], Xosé Manuel Beiras [político e economista], Mario Orjales [xurista, sociólogo e político], Valentín Arias [escritor, tradutor e ensaísta] e outras xentes coñecidas e prestixiadas e que tiñan un papel relevante na vida socioeconómica da Galiza.

As clases de galego tiñan unha afluencia incríbel, onde os directores dos institutos, que eran dous, o masculino e o feminino, se disputaban entregar os diplomas. Foi unha etapa realmente moi grata porque A Coruña respiraba galeguidade e ao Facho se nos tiña moito respecto, porque facíamos as cousas con tino mais avanzando sempre. Tiñamos os concursos de contos infantís, que tiveron un éxito impresionante e duraron moitos anos. Unha escritora actualmente de renome, como Luisa Castro, participou no primeiro concurso infantil, e levou un premio. Carlos Casares, coa Galiña Azul, foi o gañador do primeiro concurso, e moitos outros escritores e escritoras, tanto nese como no de teatro infantil.

—Tamén estivo en Escola Aberta.

Iso foi unha cousa que creamos varias persoas procedentes do antigo Partido Socialista Galego (PSG), que entrou en decadencia, e do que o PSOE incluso chegou a facerse dono das siglas cunha regueifa entre ambas as partes na que o máis poderoso gañou na Xustiza. O PSG foi moi debilitado porque o PSOE ofreceulle a membros da formación, e así os tiveron, cargos importantes como a Vicepresidencia Segunda do Senado ou a Alcaldía de Santiago. Entre outros moitos exemplos, foron recibindo o seu pagamento.

Neste contexto tivemos a idea de crear unha sociedade cultural, e así foi como naceu Escola Aberta, que era un proxecto moi ben feito, que chegou a ter moitas persoas subscritoras e que case chegou a esgotar a colección de diapositivas. Interrompeuse por cuestións creo que económicas. Foi un inicio que terá que ter continuidade un día.

—A súa traxectoria pasou polo mundo editorial e as revistas.

Si. Fun parte do grupo creador de Teima [revista semanal de información xeral que se publicou entre 1966 e 1967], de Follas Novas [coral polifónica que tivo andadura entre 1967 e 1969], fun conselleiro da Editorial Galaxia moitos anos, e tamén da Editorial Sept, que ten o gran mérito de facer a tradución da Biblia ao galego, de conseguir a aprobación e de publicala, que é unha cousa moi seria e nada banal.

—E foi membro fundador do PSG.

O PSG tivo unha acollida moi boa, mais estivo o PSOE moi atento á xogada, e non se pode comparar un partido socialista que tiña catro días e un continxente de asociadas que apenas chegaba a 200 persoas ao lado do PSOE que tiña todo, até a Xustiza, porque iso de pretender apoderarse do nome do PSG aínda que lle puxese o 'de' diante [de Galicia], pois é un pouco rañicas.

Ao acontecer iso saín, e despois estiven incluso afiliado ao BNG, por un tempo, igual que en Anova. Sempre me preocupe polo política aínda que hoxe en día non estou en ningún sitio. Na democracia do nacionalismo é onde me sinto, síntome nacionalista democrático, isto quere dicir non comungar con calquera, non me gusta estar nun grupo no que decidan por min, nin tampouco teño idade como naqueles tempos para loitar na política, é moi dura e eu gastei moito tempo e moitos cartos, acabou esa etapa para min.

—Foi especialmente dura a política durante o franquismo?

Pois non. Podo dicir que non aínda que si. Eu estaba moi controlado, tanto é así que ían pedir datos meus ao Colexio de Aparelladores, onde había un presidente que se negou. Eu non sei se na empresa había algo, nunca me dixeron nada, traballaba e sabían que ás veces saía publicamente no xornal, mais non tiveron problemas.

Si había problemas no Facho, coas negativas do Gobernador ou do delegado de Turismo, que prohibiu que fixeramos clases de galego, mais despois tiveron lugar. E teño que dicir que ás veces a xente que máis se distinguía pola súa negación era galega. Enrique Santín Díaz [delegado de Información e Turismo de Lugo, Asturias e A Coruña] era de Lugo. Despois das prohibicións, un bo día, ensiname un folleto de Xesús Alonso Montero [ensaísta, catedrático de Literatura galega, sociolingüista, poeta e conferenciante] para demostrarme que estaba na onda [ri].

—Cal é a súa percepción do galeguismo político actual?

De esperanza. Son nese sentido moi optimista, mais non responde o país. Confío na mocidade, mais non se incorpora, non sei por que razóns. Impera o consumismo por un lado e o que vén de fóra polo outro, e o de aquí emprégase cando interesa, que son poucas veces.

Mais eu teño fe porque o idioma non desapareceu, está vivo, o que ocorre é que a política e quen nos goberna non favorece que isto vaia a máis. Isto do trilingüismo que creou o señor [Alberto Núñez] Feixoo non era o que aprobara o señor [Manuel] Fraga, e dividir entre tres o tempo de ensino é un déficit moi grande. Confío en que unha vez que o PP saía da Xunta da Galiza teñen que cambiar as cousas, mais é unha crenza baseada no meu optimismo nato.

Na Coruña, saio da casa e vou andando polas rúas principais e escoito falar bastante galego, e hai mañás nas que vou ao café cos amigos e o escoito, e digo, pois o percorrido estivo ben, e teño que confiar nestas cousas, nestas observacións optimistas [ri].

—E no actual contexto, como pensa que vai evolucionar a territorialidade do Estado español?

É un problema que sempre estivo de actualidade. O das autonomías foi un avance mais o paso que se pide agora é doutro tipo. Ao mellor a situación actual pode ocasionar que aquelas reflexións que fixera o PSOE nun congreso en Granada volvan ao taboleiro político, se goberna. Pode que o escenario lles faga pensar neste problema, e en que cataláns e vascos van estar constantemente incidindo, e que a territorialidade se tome en serio dunha vez. Eu dígoo así, con un Estado federal, polo momento, contentábame.

—Noia é onde vostede naceu, e un lugar con grandes persoeiros do mundo do nacionalismo, como pode ser o seu caso. Que lembranzas ten do municipio?

Eu era moi amigo de Antón Avilés de Taramancos [escritor galardoado coas Letras Galegas e concelleiro de Cultura do Concello de Noia], era fiábel, cousa que non se pode dicir de todos [sinala en alusión ao ex alcalde de Noia, Pastor Alonso]. Eu non vivía en Noia cando aconteceu o ascenso do nacionalismo [o BNG chegou a obter a maioría absoluta con 11 edís de 17 en 1991 tras gobernar catro anos en solitario], se non seguramente me tería comprometido doutro modo.

É sorprendente a conciencia nacionalista que en Noia se produce naquel momento, iso é que hai masa e historia, en ambos os bandos, mais alí Álvaro de las Casas [escritor, político e director do Instituto de Noia] creou o que creou e houbo xente importante que tivo que vivir aletargada, como Basilio Fernández [perito, xuíz, profesor, escritor e político]. O mundo cambia, e Noia é Noia.